

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 7 DE AGOSTO DE 2008.

Na Sala de Comisións da casa do concello de Mugar dos, ás nove horas e tres minutos do día sete de agosto do ano dous mil oito, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local baixo a presidencia do alcalde-presidente, D. Xosé Fernández Barcia, coa asistencia das/os concelleiras/os, D. Xosé Antonio Bouza Rey, D^a. Carolina Cruz Fernández, D. Xosé Xoán Roca Lorenzo e Dna. M^a Anxos Díaz Prados. Asiste tamén a interventora, Dna. Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretaria a que o é accidental da Corporación, D^a. M^a. Raquel Paz Gabín.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrese no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 22.07.2008.

A Xunta de Goberno Local, por catro votos e unha abstención da concelleira sra. Cruz Fernández, por non ter asistido á mesma, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión extraordinaria realizada o día 22.07.2008.

De seguido e ó amparo do disposto no artigo 80 do Regulamento Orgánico Municipal, polo Sr. Alcalde-Presidente propónse a inclusión, por razón da urxencia, dos seguintes asuntos:

- a) BASES CONVOCATORIA PARA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/DUNHA TRABALLADOR/A SOCIAL A MEDIA XORNADA**
- b) ACORDO DE ACEPTACIÓN E COMPROMISOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO EDIFICIO DA CÁMARA AGRARIA DE FRANZA (MUGARDOS) POLA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL.**

E tras a exposición dos motivos que xustifican a urxencia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade e, polo tanto, co quórum esixido polo citado artigo 80 do Regulamento Orgánico Municipal e 51 do R.D. Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, acorda declarar de urxencia os asuntos e incluílos na orde do día como puntos núm. 7 e 8, respectivamente.

2.- RATIFICACIÓN DAS RESOLUCIÓNS NÚM. 573/2008, 575/2008 E 577/2008.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda ratificar as resolucións da alcaldía que deseguido se transcriben:

a) RESOLUCION DA ALCALDIA NÚM. 573/2008, de 29.07.08.- En uso das atribucións que me outorgan os artigos 21.1 da Lei 7/85 e art.41.17 do R.O.F., así como as bases de Execución do presuposto, polo presente RESOLVO:

1º) Aproba-los gastos e facturas que se detallan a continuación:

<u>PARTIDA</u>	<u>ACREEDOR/CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
451.0.22609	Espectáculos ALVAR , s/fra. Núm. 38/24.07.2008	
	Actuación Grupo Astarot, o día 24 de xullo de 2008	8.352€

2º) Ratifíquese na vindeira Xunta de Goberno Local.”

b) RESOLUCION DA ALCALDIA NÚM. 575/2008, de 29.07.08.- En uso das atribucións que me outorgan os artigos 21.1 da Lei 7/85 e art.41.17 do R.O.F., así como as bases de Execución do presuposto, polo presente **RESOLVO:**

1º) Aproba-los gastos e facturas que se detallan a continuación:

<u>PARTIDA</u>	<u>ACREEDOR/CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
313.22611	“Guía de Coidados e Coidadores “ , s/fra. Núm. 27/02.07.2008	7.826,20

2º) Ratifíquese na vindeira Xunta de Goberno Local.”

c) RESOLUCIÓN DA ALCALDIA Núm. 577/2008, de 20.07.08.- Vista a certificación núm. 1 da obra de “RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMIENTO DE AUGA NA AVDA. DE GALIZA”, incluída no P.O.S. ADICIONAL 2/2007 da Excm. Deputación Provincial de A Coruña, por importe de TRINTA E CATRO MIL SETECENTOS TRINTA E SETE EUROS CON OITENTA E SETE CÉNTIMOS (34.737,87€), pola presente **RESOLVO:**

1º.- Prestar aprobación á certificación núm. 1 da obra de "RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMIENTO DE AUGA NA AVDA. DE GALIZA" incluída no P.O.S. ADICIONAL 2/2007 da Excm. Deputación Provincial, por importe de TRINTA E CATRO MIL SETECENTOS TRINTA E SETE EUROS CON OITENTA E SETE CÉNTIMOS (34.737,87€), con cargo á partida 2008.0.441.0.63701 do orzamento vixente.”

3.- LICENZAS DE OBRAS.

Tendo en conta os informes emitidos polos/as técnicos/as municipais así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda conceder, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, e previa aprobación da liquidación do imposto correspondente, as seguintes licenzas de obras:

Será requisito imprescindible en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas maiores a colocación de cartel indicador no que se faga consta-lo nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

A) LICENZAS DE OBRAS MAIORES:

- **INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA (EXPTE. 2/2008) segundo solicitude de data 4 de xaneiro de 2008**, para reparación das cubertas no grupo VPP de Mugardos, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto D. Alfonso Vázquez López, de data agosto de 2007, e documentación anexa presentada o 25.06.2008.

O solo onde está situado ten a cualificación de SU-SD, Solo Urbano Semidenso.

A finalidade da licenza é a reparación das cubertas.

As condicións urbanísticas son:

	PROXECTO	NORMATIVA
a) Parcela mínima	existente	s/plano
b) Fronte mínimo	existente	6 m. fachada
c) Altura	B+3P+ABC	B + 3
d) Cuberta	4,50 m.	4,50 m.
e) Escadas exteriores	cumpre	non permite.

O orzamento da execución material das obras ascende á cantidade de 43.464,28 €.

O arquitecto director da obra é o mesmo que o redactor do proxecto D. Alfonso Vázquez López, e o arquitecto técnico director das obras é D. Alfonso Vázquez López, segundo escrito (N.R.E. 4.055/29.07.2008),

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

- D. MANUEL BASOA VIZOSO (EXPTE. 81/2008) segundo solicitude de data 14 de abril de 2008, para aliñación e rehabilitación de vivenda unifamiliar, en Avda. do Seixo nº 48, referencia catastral: 3619008NJ6131N, segundo proxecto básico redactado polo arquitecto D. Tomás García Monteagudo, visado polo C.O.A.G. en data 15.04.2008 e unha vez constituído aval para garantir as obras de urbanización polo importe total da memoria (522,80 €) e asinado o correspondente contrato de cesión de terreo (10,80 m²).

O solo onde está situado ten a cualificación de SU-BD, Solo Urbano de Baixa Densidade.

A finalidade da licenza é a execución da urbanización ao fronte da parcela de 10,80 m², coas seguintes características:

- Demolición e levantamento de pavimentos
- Reposición de beirarrúas de baldosa hidráulica bicolor, similar á existente
- e a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar encostada, con peche semellante ao existente colocado en aliñación.

As condicións urbanísticas son:

	NORMA	PROXECTO
Parcela mínima	400 m ²	436 m ²
Fronte mínimo	12 m	O existente
Edificabilidade	0,50 m ² /m ²	A existente
Ocupación máxima	50 %	A existente
Recuamentos	2 m. a lindeiros	Os existentes (encostada á medianeira existente)
Aliñacións	As fixadas nos planos do PXOM	6 m. dende o eixo da vía, para unha vía de 12 m.
Altura máxima	B + 1 e 7 m.	B + 1+ Bc e 5,77 m.
Cubertas	As xerais do art. 84 modificado.	Cumpre
Baixo cubertas	Uso residencial vinculado á	Cumpre

	vivenda	
Urbanización	Resolución previa e simultánea de acceso rodado e servizos, con cesión de terreos por aliñación e urbanización correspondente	Si

O orzamento da execución material das obras ascende á cantidade de 75.335,69 €.

O arquitecto director da obra é o mesmo que o redactor do proxecto, D. Tomás García Monteagudo, e o arquitecto técnico director da execución está sen nomear.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

Rematada a obra deberá solicitar licenza de 1ª ocupación.

O interesado, tras obter a pertinente licenza de obras, está obrigado a notificar oficialmente ao Concello, cun mínimo de 7 días de antelación, o inicio das obras correspondentes ao proxecto aprobado. No momento da notificación deberá ter efectuados os replanteos precisos. Prohíbense realizar: talas de árbores, demolicións, movementos de terras ou calquera traballo que dificulte ou distorsione a apreciación municipal das circunstancias que afecten ás devanditas obras. A non observancia destes extremos considerárase falta grave.

Previo ao inicio das obras deberá presentar proxecto de execución visado e nomeamento oficial de arquitecto técnico, e obter o preceptivo permiso de inicio das obras.

- D. TOMÁS GARCÍA MONTEAGUDO en representación de Dna. BLANCA ADELA DEUS DEUS e outros (EXPTE. 188/2007) segundo solicitude de data 13 de setembro de 2007, para construción de muro de contención, en Avda. do Mar nº 29, referencia catastral: 0326004NJ6102N, segundo proxecto básico e de execución redactado polos arquitectos Dna. Yolanda Mauriz Bastida e D. Tomás García Monteagudo, visado polo C.O.A.G. en data 06.09.2007 e documentación anexa de data 15 de abril de 2008 e unha vez presentado o nomeamento do director de execución material (N.R.E. 3.860/18.07.2008).

O solo onde está situado ten a cualificación de SU-CA, Solo Urbano de Casco Antigo.

A finalidade da licenza é a execución dun muro de contención (entre colindantes) composto por dúas follas e recheo de pedra, escalonado e rematado en escaleira con varanda.

A finalidade do muro é conter a terra entre dúas fincas colindantes e evitar o deterioro do muro de cachotería situado a continuación.

Case todo o muro de contención debe realizarse en solo cualificado de espazo libre, a obter polo Concello por expropiación.

A construción do muro de contención considérase unha obra necesaria por razóns de seguridade.

O orzamento da execución material das obras ascende á cantidade de 10.580,51 €.

Os arquitectos directores da obra son os mesmos que os redactores do proxecto D. Tomás García Monteagudo e Dna. Yolanda Mauriz Bastida e o arquitecto técnico é D. Jorge Durán Panceiras.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

O interesado, tras obter a pertinente licenza de obras, está obrigado a notificar oficialmente ao Concello, cun mínimo de 7 días de antelación, o inicio das obras correspondentes ao proxecto aprobado. No momento da notificación deberá ter efectuados os replanteos precisos. Prohíbense realizar: talas de árbores, demolicións, movementos de terras ou calquera traballo que dificulte ou distorsione a apreciación municipal das circunstancias que afecten ás devanditas obras. A non observancia destes extremos considerárase falta grave.

Deberá de prescindir do elemento engadido que é a escaleira, e que se pretende construír sobre a base do muro.

Así mesmo, tendo en conta o informe da arquitecta técnica municipal de data 23.07.2008 do que resulta acreditado que coa documentación aportada o 18.07.2008 (N.R.E. 3.855) dáse cumprimento ao ordenado na autorización da Consellería de Cultura e Deporte, Sección de Patrimonio Histórico de data 12.05.2008, no referente ás modificacións na cuberta consistentes na supresión da burfarda e supresión dos colectores solares, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder a seguinte licenza de obras:

- **Dna. MANUELA GONZÁLEZ MARTÍNEZ (EXPT. 221/2007) segundo solicitude de data 2 de novembro de 2007**, para rehabilitación de vivenda unifamiliar, en R/Lousido nº 12, referencia catastral: 0124023NJ6102S, segundo proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta Dna. Xulia Cortizas Díaz, visado polo C.O.A.G. en data 30.10.2007 e Anexo I visado polo C.O.A.G. en data 07.07.2008. De acordo coa autorización da Consellería de Cultura e Deporte, Sección de Patrimonio Histórico de data 19.06.2008, obrante no expediente.

O solo onde está situado ten a cualificación de SU-CA, Solo Urbano de Casco Antigo.

A urbanización xa está executada pois non hai modificación de aliñacións.

A finalidade da licenza é a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar para destinala a vivenda.

As condicións urbanísticas son:

	PROXECTO	NORMATIVA
a) Parcela mínima	existente	existente
b) Aliñacións	CUMPRE	existente
c) Altura	8,60 m	10 m. (B+2)
d) Pte. cuberta	25 °	30 °
e) Altura cumbreira	3,40 m	3,60 m.
f) Ocupación máxima	non se modifica	existente BP-30
g) Obras permitidas	cumpre.	2 e 3

O orzamento da execución material das obras ascende á cantidade de 70.600,00 €.

A arquitecta directora da obra é a mesma que a redactora do proxecto Dna. Xulia Cortizas Díaz, e o arquitecto técnico director é D. Manuel Guillermo Antón Villamil.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

Rematada a obra deberá solicitar licenza de 1ª ocupación.

O interesado, tras obter a pertinente licenza de obras, está obrigado a notificar oficialmente ó Concello, cun mínimo de 7 días de antelación, o inicio das obras correspondentes

ó proxecto aprobado. No momento da notificación deberá ter efectuado os replanteos precisos. Prohíbese realizar: talas de árbores, demolicións, movementos de terras o calquera traballo que dificulte ou distorsione a apreciación municipal de as circunstancias que afecten a ditas obras. A non observancia destes extremos considerárase falta grave.

B) LICENZAS DE OBRAS DENEGADAS:

Tendo en conta os informes desfavorables emitidos pola arquitecta asesora municipal, e os ditames da comisión informativa de urbanismo e industria, así como que no trámite de audiencia aos/ás interesado/as por estes non se ten presentado ningunha alegación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda denegar as seguintes licenzas de obras:

- D. CELESTINO REGA PRIETO (EXPTE. 56/2007) segundo solicitude de data 27 de marzo de 2007, para construción dun edificio de 12 vivendas, 2 locais comerciais e garaxes, en Cantón de Cora, referencia catastral: 0125806NJ6102N, segundo proxecto básico redactado polos arquitectos D. Miguel Ángel Abad Blanco e D. Antonio Deus Álvarez, visado polo C.O.A.G. en data 14.05.2008, polos seguintes motivos:

- *“No proxecto presentado faise un axuste non permitido da aliñación actual para evitar a afección de Costas.*
- *A parcela e a colindante polo oeste están afectadas pola zona de servidume do Deslinde Marítimo Terrestre, e para substituír a edificación actual e consolidar a aliñación o concello debe realizar un Estudo de Detalle para completar o “Estudo da fachada do muelle da Vila de Mugar dos”, que figura incorporado ao PXOM e en vigor”*

- D. ANDRÉS SIXTO FONTENLA (EXPTE. 44/2008) segundo solicitude de data 6 de marzo de 2008, para construción de adega, en Roibeiras nº 9, referencia catastral: 0016708NJ6101N, dado que na parcela edificada cunha vivenda unifamiliar, existe xa unha adega anterior fóra de ordenación, de aproximadamente 30 m² de superficie, e adosada a lindeiro lateral, e no artigo 312 do P.X.O.M. indícase que *se permiten edificacións auxiliares cunha superficie máxima de 25 m².*

4.- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN DE RÓTULO PUBLICITARIO Á ALTURA DO Nº 6 DA R/CORZÁS.

Tendo en conta o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder a seguinte autorización:

- Dna. ANA ISABEL PAZ GÓMEZ (N.R.E. 2.139/24.04.2008), para colocación de de rótulo vertical, á altura do número 6 da R/ Corzás, referencia catastral: 0424002NJ6102S.

A altura mínima sobre a rasante da beirarrúa será de 2,50 metros (art. 81) e o seu saliente máximo 0,30 m. (art. 80).

A autorización ten prazo de 2 anos, considerándose renovada por períodos anuais, agás comunicación expresa do concello (art. 21 PXOM).

5.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta os informes emitidos pola interventora municipal, obrantes no expediente, por unanimidade acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á certificación nº. 4-FINAL da obra “ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES DE O CRISTO”, da que é adxudicatario D. TERRAUGA, PROYECTOS Y OBRAS S.L., por importe de QUINCE MIL CENTO SETENTA E OITO EUROS CON SETENTA E ÚN CÉNTIMOS (15.178,71 €), con cargo á partida 2008.0.452.0.63200 do orzamento vixente, así como á factura correspondente a dita certificación.

2º.- Prestar a súa aprobación á certificación nº 1-ÚNICA da obra “CERTIFICACIÓN Nº 1-ÚNICA DA OBRA “OBRAS COMPLEMENTARIAS ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES DE O CRISTO”, da que é adxudicatario D. TERRAUGA, PROYECTOS Y OBRAS S.L., por importe de VINTE E TRES MIL SETECENTOS DOCE EUROS CON SESENTA E SETE CÉNTIMOS (23.712,67 €), con cargo á partida 2008.0.452.0.63200 do orzamento vixente, así como á factura correspondente a dita certificación.

Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por catro votos a favor e unha abstención da concelleira sra. Díaz Prados, acorda prestar a súa aprobación á acta de recepción única das obras de “ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES DE O CRISTO”, de data 30.06.08.

6.- NECESIDADE DE ALUGUER DO LOCAL SITO EN R/OS CORZÁS, 8-BAIXO PARA UBICACION PROVISIONAL DO CUARTEL DA GARDA CIVIL.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á proposta formulada pola alcaldía en data 04.08.08, obrante no expediente, e que copiada literalmente di:

“Vista a necesidade urxente e inaprazable do inicio das obras das vivendas sociais a realizar na parcela onde se ubica actualmente o cuartel da garda civil, e dado que o traslado ao local inicialmente previsto na r/Peteiro para a ubicación provisional do devandito cuartel non é posible a día de hoxe, e prevendo así mesmo que a situación non se poderá resolver de xeito inmediato, existindo a posibilidade de dispoñer do local sito na r/Os Corzás, núm. 8-baixo, local onde xa se ubicaron no seu día os servizos de asuntos sociais durante a execución das obras de acondicionamento da Casa do Concello, pola presente PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Formalizar contrato de aluguer cos propietarios do local sito na r/Corzás 8-baixo, local para a ubicación provisional do Cuartel da Garda Civil, mentres non remate o acondicionamento do local inicialmente previsto sito na rúa Peteiro.

2º.- *Fixar o prezo do contrato en 650 euros mensuais, IVE Incluído.*

3º.- *Aprobar o gasto con cargo á partida 2008.0.121.0.20200 do orzamento vixente.”*

7.- BASES CONVOCATORIA PARA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/DUNHA TRABALLADOR/A SOCIAL A MEDIA XORNADA.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta os ditames das comisións informativas de Benestar Social, Igualdade e Sanidade e de Obras, Servizos, Persoal, Medio Ambiente e Parques, por unanimidade, acorda:

- Prestar a súa aprobación ás bases que rexerán a convocatoria para a contratación laboral temporal dun/dunha traballador/a social a media xornada.

8.- ACORDO DE ACEPTACIÓN E COMPROMISOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO EDIFICIO DA CÁMARA AGRARIA DE FRANZA (MUGARDOS) POLA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1.- O Concello de Mugardos, ante a notificación efectuada pola Consellaría do Medio Rural, de realizar con cargo aos seus orzamentos as obras de acondicionamento do edificio da cámara agraria de Franza (Mugardos), manifesta a súa aceptación á execución da mesma en réxime de cooperación e comprométese a:

- Poner a disposición da Consellaría do Medio Rural, libre de cargas e gravames todos os terreos necesarios para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarios para levar adiante a mesma.

- Renunciar a calquera clase de tributo ou taxa por mor das obras.

- Continuar asumindo, despois da recepción das obras e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a súa explotación, mantemento e conservación..

2.- Facúltase ao sr. Alcalde-Presidente para a sinatura do correspondente Convenio de Cooperación.

Sen máis asuntos para tratar, ás nove horas e dez minutos do día ao comezo sinalado, o sr. Alcalde levanta a sesión, de todo o cal eu, como secretaria accidental da corporación, dou fe.

Vº. e praxe

O ALCALDE